

Novas categorías O-Pé 2025

cousas que tódolos clubs e deportistas deben saber á hora de inscribirse

Clubs e deportistas. Recordade que o noso regulamento establece que son os clubs os responsables de asignar os seus corredores a percorridos axeitados ao nivel físico e técnico. Por iso publícanse, na medida do posible, **mapas antigos** e datos coa información de **desniveis, distancias e nº de controis**, con anterioridade ao peche de inscricións. Recordade que sempre existe o recurso de inscribirse nas categorías de iniciación (curta e longa), ademais de poder participar como fóra de competición (NC = non compite) en percorridos menos esixentes.

Equivalencias, de cara á puntuación no ranking da Liga Galega O-Pé 2025, entre categorías FEDO e FEGADO. O Club Raza Palleira, organizador das probas de Liga Nacional FEDO para esta tempada 2025 en Galicia, publicará táboas de equivalencias para os cálculos de cara ao ranking da Liga Galega O-Pé. Serán de aplicación unicamente nos seguintes casos:

Puntos* obtidos en categoría FEDO	Categorías FEGADO para equivalencia de cara ao ranking
M/F-E	SENIOR / F-SENIOR
M/F-21A	M/F-21
M/F-35A	M/F-35
M/F-40	M/F-35
M/F-45	M/F-45
M/F-50	M/F-45
M/F-55	M/F-55
M/F-60	M/F-55
M/F-65 e seguintes	M/F-55

(*) puntuación relativa aos deportistas da FEGADO

Equivalencias entre categorías de FEGADO e Liga Transfronteiriza (LTF). En proceso de estudo cos clubs do norte de Portugal.

Trazadores/as. Están a traballar na adaptación de percorridos aos novos rangos de idade a partir de recomendacións previas nas que se traballou durante as reunións formativas de xaneiro e mesmo no Curso de Trazados Nivel I FEDO impartido en Santiago no último fin de semana do mesmo mes. Será un proceso de adaptación e de mellora continua que require de tempo e análise. É posible que ao longo da tempada existan trazados que apliquen técnicas de dispersión en percorridos con moita participación, que en calquera caso serán detalladas nos correspondentes boletíns.

Xuíces e xuízas (controladores e de cronometraxe). Traballarán coordinadamente para garantir saídas graduadas (*escalonadas*) en percorridos con alta participación.

Dorsal. Recorda que o regulamento e normas anuais refírense ao **dorsal único FEDO orixinal**. Xuíces e xuízas controladores/as poderán admitir reproducións/impresións do mesmo tamaño e contido, sempre que a calidade e o soporte de impresión (papel ou tela) sexa adecuado para a práctica deportiva. As organizacións, coma noutros anos, habilitarán dorsais de reposición (provisionáis e de pago) que serán válidos exclusivamente para o evento.